



A foto que fala

Comezou o curso, pero no mundo 123 millóns de nenos e nenas de entre 6 e 15 anos están sen escolarizar. A cifra só se reduciu nun 1,3% na última década!



O trasno Estamos pirrados

Daniel López Muñoz



No 280 a.c o rei heleno Pirro librou a batalla de Heraclea contra a nacente Roma. Pirro foi o vencedor, usando imponentes elefantes. Pero con tan devastador número de baixas que o tal Pirro sentenciou: “Outra vitoria coma esta e terei que volver soño á miña casa”. Alguén no PP debe – ou debería- estar lamentando a famosa campaña contra aquel novo Estatut votado por todo o pobo catalán, incluído o boicot ao cava e outras envelenadas ocorrencias. O nacionalismo español extremista conseguiu unha vitoria pírrica contra o nacionalismo catalán razoable que procu-

raba un novo encaixe da nación catalá no Estado español. O elefante foi o Tribunal Constitucional.

A partir daquela todo se foi deixando, como procurando o peor dos escenarios. Esa proposta do PSOE dunha comisión plural de expertos -que estará capada de inicio se non participa o nacionalismo das nacións periféricas- tiña que estar agora presentando resultados, despois dunha cabal discusión de anos sobre a reforma constitucional. Pero non hai nada. Coma nun páramo cospedálico.

O nacionalismo catalán e as súas raíces teñen tantas diferenzas co galego como a súa historia e a nosa, como aquela burguesía industrial ilustrada, mediterránea e orgullosa e a nosa forza de traballo emigrante, mariñeira e campesiña. Coma o Liceu e a escalivada con cava fronte ás sardiñas á brasa na beiramar con pandeiras e

regueifas. En Galicia a necesidade é aire, saír da foxa histórica, emerxer como pobo digno en igualdade. A ansia dun nacionalismo de raíz burguesa é o que é. A locomotora que desengancha os vagóns. Será outra vitoria pírrica unha independencia proclamada sen unha maioría social cualificada.

Rompendo tabús: Barcelona debería ser co-capital do Estado. As linguas cooficiais deberían estar presentes nos medios e, opcionalmente, nas escolas españolas. As empresas deben pagar os seus impostos no territorio no que producen e contaminan. As nacionalidades históricas deberían ter un status diferenciado, porque iso tamén está na Constitución: o invento do café descafeinado para todos esgotou o seu percorrido. Hai que poñer nome á diversidade, dotala de contido e autogoberno, porque ter lingua, identidade, características propias e, en consecuencia, vontade de ser nación non é nin unha bico-ca nin un choio. É unha herdanza e unha tarefa (esgotadora por veces).

Editorial A inacción máis letal

O presidente do goberno español ten unha acreditada e recoñecida capacidade para xogar cos tempos. Ese xogo, no seu caso, consiste en non mover ficha nin botar carta diante dun problema, por grave que sexa, á espera de que o problema se aburra, se erga da mesa de xogo e abandone o escenario. E, así, problema resolto.

E, por veces, resulta. Efectivamente, estamos no tempo diso que chaman a *posverdade*. O que importa non é a realidade obxectiva dos feitos, senón o que se conta deles, o que se traslada aos medios, o “relato” que se constrúe. Se o “marrón” dos refuxiados xa non ocupa nin media liña das portadas, quere dicir, para os efectos que realmente importanlle ao gobernante que toque, que

o problema está superado, eclipsado por Cataluña, o islamismo ihadista e o aluvión de contratos precarios que retocan as cifras do paro.

Pero no caso das persoas refuxiadas, moitas delas menores, non valen posverdades nin partidas de póker aburridas. Como se recordou na Romaxe de

O compromiso xa era cativo, mesmo vergoñento. Iso fai o incumprimento aínda máis grave

Beade, o goberno español comprometeuse en setembro de 2016 a acoller en dous anos a 17 337 persoas. Cando leas isto ese prazo está cumprido. E restan por acoller 15 357. O compromiso xa era cativo, mesmo vergoñento. Iso fai o incumprimento aínda máis grave. E indigna ver como se mobilizaron os gabinetes de prensa oficiais para dar publicidade a casos puntuais de acollida.

Como denuncian as organizacións humanitarias, numerosas personalidades que son referente ético, e con especial insistencia o papa Francisco, o Mediterráneo é una gran cemiterio. Ese era un desafío moral para Europa e Europa, agás contadas excepcións, non soubo estar á altura. Esa é a razón do movemento de protesta, con gran carga simbólica, contra a recente nominación da Unión Europea para o premio Premio Princesa de Asturias da Concordia. Non pode haber concordia sen “humanidade en acción” coas ringleiras de persoas inocentes que foxen de conflitos que nin entenden nin merecen, só padecen.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Pois xa rematamos a Romaxe número corenta. Moitos anos e moitas experiencias. Unha chea de sensacións e persoas. Orações da tardiña, cantos, rumboias. Toda unha serie de vivencias nas cales as persoas son fundamentais. Quedo coa rifa. Non por que me tocasse, que non foi así, senón polo que supuxo.

Un grupiño xeitoso de rapaces e rapazas foron por toda a Romaxe ofrecendo rifas e vendendo. Unhas 1200 foron vendidas. Non está mal. O sorteo tamén foi divertido cos pícaros facendo das súas e, por último, como non podería ser doutro xeito, quedo coa aportación da Casa Romualdo. Ben que sinto que non me tocasse esa fin de semana na súa casa. Ten unha pinta magnífica.

E, por suposto, quedo co bo momento que nos fixo pasar Fran do Romualdo coa súa zanfona. Dá gusto escoitalo coas súas historias de cego que, aínda que soan de hai moitos anos, son ben novas. Están cheas de frescura e diversión. Eu, persoalmente, quedo coa dos dez mandamentos do amor. Pero cada quen ten as súas, e todas as que o sábado cantou o Romualdo son xeniais. Así que moito ánimo, xa queda menos para a XLI Romaxe en Sobrado dos Monxes.



1



3



2



4



A peneira

1

O 4, "Día da Ciencia", celebramos ao botánico Baltasar **MERINO** no centenario do seu pasamento en Vigo. Foi un autodidacta que deixou o herbario, que se conserva no Centro de Investigación Forestal de Lourizán, máis completo grazas ás colleitas de moitos cregos, exalumnos e boticarios.

2

No Día Mundial da **SAÚDE** Mental, o 10, lembramos a loita do Movemento de Saúde Mental esixindo unha lei de prevención do suicidio. O suicidio custoulle a vida a, polo menos, 345 persoas no 2016, -aínda que hai outros silenciados-, tantas como as badaladas que sonaron no Obradoiro.

3

O 28 e 29 podemos achegarnos á "Traxectoria dos **MONTES** comunais: a súa consideración como recurso produtivo, ambiental, paisaxístico e de calquera outro tipo" nun foro no Consello da Cultura Galega, onde interveñen representantes das comunidades.

4

Este ano o cambio climático asoballou o refraneiro popular: "Polo San Miguel...", e adiantouse a vendima, e tamén a música das **CASTANAS** nos soutos que fornecen con 6/8000 € por ha aos produtores, fronte aos 1/2000 dos eucaliptais.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

En **PIRAGÜISMO**, o equipo de Óscar Graña e Ramón Ferro foi subcampión no Campionato do Mundo en Sudáfrica e os palistas, o tudense Manuel Garrido e o grovense Tono Campos, medallas de prata e bronce nun deporte con moito futuro no noso país.

6

AS MANS DE IRIMIA, labradas polo creador meirego Manolo Pardo, recollerán o día 23, a sementeira de Daniel López Muñoz e Herminia Estoa, alongada nestas décadas nunha feraz colleita dos abrollos que xermolan no Pedregal de Irimia. Para festexalo, imos xantar en Meira (Tlf. 646413890).

7

A loita de **MéXICO** contra o narcotráfico segue sendo arbitraria e mortífera pola banda das forzas do Estado, producindo xa uns 28 000 desaparecidos e máis de 170 000 mortos (2000 menores desde o 2006). Unha estela de terror que arrasa a toda a poboación.

8

Por san Francisco de Asís temos que seguir denunciando o abandono de animais de compañía neste verán, e mesmo riscos coma os dos 22 000 **CABALOS** en estado salvaxe, dos que o 80% non teñen microchip para identificalos e ás veces sofren coas patas dianteiras ou "mans" atadas.

Economía Turismofilia e turismofobia

Pedro Pedrouzo Devesa



Por primeira vez en moito tempo o turismo foi obxecto de debate. As filias e fobias, que tradicionalmente nos identifican en tantos e tantos eidos, trasladáronse tamén a un sector que parecía protexido de toda crítica. Nos últimos veráns xa comezamos a decatarnos de que o acceso a certos lugares non podía ser indiscriminado. Primeiro, as Cíes; logo, entre outras, a praia das Catedrais, e a elas iranse sumando os distintos espazos nos que o reclamo supere a súa capacidade de acollida. Galicia non é orfa de lugares impactantes e sabemos que o turismo ten tanta capacidade para conservar o patrimonio como para destruílo. Non son poucos os lugares que están restaurados na actualidade grazas a que o turismo xustificaba que se gastase neles. O patrimonio cultural sempre tivo unha defensa relativa, e foron os posibles beneficios turísticos os que axudaron a aunar vontades en torno á necesidade de conservar e mellorar o noso patrimonio natural, arqueolóxico, arquitectónico e artístico. Daquela, viva o turismo que coida aquilo do que goza!

Pero o turismo tamén se desmanda, porque tamén está sometido ás leis da física, en especial ás relativas á capacidade dos lugares. Como irmandar o goce co coidado? Como protexer o camiño de Santiago dos seus usuarios? Como evitar que os autobuses e os coches rocen a Ribeira Sacra a machadas neumáticas? Como ocasionar o menor impacto posible nas dunas, fragas, lagoas e demais contornas naturais que necesitan repousar do turismo? O turista ten a falsa impresión de que o gasto que fai xustifica a desfeita que produce.

Necesitamos poñer límites ao turismo, como tamén precisamos nos adaptar a el. Incluso as cidades, como Santiago de Compostela, necesitan adecuarse a esa invasión pacífica que facilmente pode encarecer a vivenda e a propia bolsa da compra se non se reconduce.

O turismo está aí. Poucos inventos occidentais transformaron tanto o mundo coma o turismo. Todos queremos ver todo. Asómbranos ver outras culturas, outras paraxes e outras persoas. Estamos entregados con paixón a este planeta, a todo o que produce, crea e recrea. Queremos ver como rompe o mar contra outras costas; queremos gozar da variada comida que se cociña; queremos oír a música que se interpreta lonxe; queremos camiñar por lugares que embelecen a nosa mirada e gústanos ver como se vive noutros países. Convirá conciliar tanta paixón co coidado que merece o obxecto amado, porque da súa fragilidade temos noticias a diario.



O peto común da memoria á esperanza. Pesqueiras

Manuel Regal Ledo

O 13 de agosto presentamos o libro *Da memoria á esperanza. Pesqueiras*, do que son autor xuntamente cos veciños e veciñas da parroquia. Foi na igrexa románica de Pesqueiras, Chantada, somerxida no espazo privilexiado da Ribeira Sacra.

Os templos románicos son como unha parábola do que pode ser unha vida, unha comunidade cristiá.

Os templos románicos son sinxelos, sen excesos na súa planificación e alzado. Símbolo dunha persoa ou comunidade simple, nunca excesiva nin en palabras, nin en dogmas, transparente, sen simulacións que tanto danan as persoas e a convivencia entre nós. Un mundo sinxelo sería un mundo salvado, curado. Unha Igrexa sinxela, centrada no esencial, o Evanxeo, sería unha Igrexa salvada, curada e capaz, tamén, de curar.

Os templos románicos son recios, firmes, contundentes. Firme aposta pola construción da propia persoa, da comunidade cristiá, da comunidade civil. A proba de contrariedades, de derrotas. Coa firmeza que dá o Espírito, a comunidade. Sen chulerías, con humildade, compartindo afoutezas, e tamén debilidades, máis con feitos ca con palabras.

Os templos románicos comungan co medio no material que empregan (pedra e madeira), na sobria decoración que amosan (vexetal e animal, humana). Hai sacralidade dentro do templo nos misterios que alí se celebran, pero hai sacralidade tamén fóra do templo nesa natureza que na Ribeira Sacra clama ao ceo desde as fonduras ou desde as alturas, desde o impresionante silencio que todo o envolve, desde as concretas historias humanas que un sabe ou adiviña detrás



do que ve e observa, cheas de traballo, de sufrimento, de bágoas, de derrotas, de esperanzas; e tamén desde os movementos sociais e políticos que loitaron por abrir camiños de dignidade. A sacralidade do templo –representada nas pedras e madeiras traballadas, axustadas– é maiormente unha sacralidade fixa, que se converte en doutrinas, ritos, cerimoniais, obrigas, censuras, condenas, tamén en camiños de liberación e de alegría. A sacralidade do contorno –representada nos penedos de formas caprichosas e nas árbores que medran irmandadas aos seus pés– é unha sacralidade vital, que se desenvolve e se transforma, que non pauta nada, como non sexa a invitación á admiración, ao asombro, ao agradecemento, que ofrece vida de mil maneiras: nos acios de uvas, nas castañas que arrebolan polos soutos, nas cereixas, nos figos e béveras, nos avances históricos ... O perigo do templo é anquilosar a sacralidade. O perigo do contorno é non decatarse dela e, polo tanto, ignorala, ignorando a riqueza do que leva nas mans.

O bo sería que ambas sacralidades entrasen en fonda comuñón. E nós con elas.

O CARRABOXO por ROBE LOIS



Crónica da XL Romaxe

Mónica Otero Bouzada

Corenta anos de Romaxe: tempo de botar a vista... adiante!

Preparar un aniversario sempre resulta ilusionante. Un balconciño aberto a un ano máis, unha esperanza, un impulso nas vellas angueiras... Con ese degoiro comezamos xa hai meses a preparar a Romaxe corenta, ou XL: grande polo número, grande pola traxectoria, grande polas gañas de seguir a reencontarnos cada setembro corenta veces máis.



O lugar, elixido a mantenta

Traervos a Vigo e elixir un sitio que volo mostrase espido fronte ao mar era obrigatorio. Porque somos industria, tráfico, comercio e présas. Pero tamén somos montes, regatos e mar. Beade cumpría ese requisito, pero non era o único sitio posible: o monte Alba, o de Coruxo, o Galiñeiro, o Vixiador, o monte dos Pozos... Vivimos nun castro rodeado de miradores dende os que ollar cara ao horizonte que revela sempre a silueta das Cíes, e non podíamos deixar de compartir iso convosco.

Moita xente colaborou e tamén moi- ta lembramos

A Comunidade de montes de Beade foi hospitalaria, xenerosa e eficiente. Puxeron o que puideron á nosa disposición, e non foron os únicos. Portouse a Universidade ofrecendo un acubillo en caso de choiva, portouse a empresa que agasallou as xoubas da acollida, e o panadeiro, que, cando soubo que viñades, cortounos todo o pan... Quero dicir que cada un deu o que tiña: o que moito, moito; e o que pouco, todo. Como os do Romualdo, que achegaron unha fin de semana na súa casa bendita de turismo rural... Non sabería dicir cantos grupos parti-

ciparon da organización do encontro e son moi mala para os nomes, pero non esquecerei as caras: responsabilidade e ledicia, traballo e emoción, servizo e gratitude. Parece mentira que os ollos saiban dicir tanto sen falar.

A cousa é que despois de varios meses achegando grupos, persoas e vontades, aquí fostes chegando. Once e media e pandeiretas, cantares e xoubas compuxeron a acollida. Temiamos a choiva, pero non hai como mollarse para deixar de ter medo! E se non que llelo digan aos acampados de Abertal, que, recuperando unha vella tradición da Romaxe, pasaron

que todo saíse ben e rematou coa ledicia de ter feito este camiño, tan cheo de apertas e saídos. Agradecín moito o medallón, precioso, e o achuchón da paz, tan quentiño. Agradecín tamén a chamada á Comunidade, que logo celebramos coa Rumboia (que sería da Romaxe sen Rumboia??). E cando chegou o momento do berro seco, agradecín estar atrás, porque a estampa de todos co cu abaixado foi chulísima, todos á vez, tan cheos de enerxía. E entón pensei en Dani, en Paula, en Primo e en Lucas, en que era a súa primeira Romaxe e que o recordo do berro seco os vai levar a Sobrado o ano que vén.

Temiamos a choiva, pero non hai como mollarse para deixar de ter medo!

a noite no monte, velando para que non chovese, chovese ou non. Case case puntuais, empezamos unha celebración preciosa, que nos foi levando de Romaxe en Romaxe. A verdade é que ir lembrando os lugares, os xantares, as fins de semana que ao longo destes anos fomos organizando arredor deste día cambioume un ánimo que empezou coa preocupación de

Un encontro máis aló dos presentes

“Andaina de pobo e fe”: mira que deu traballiño escoller o lema, e mira que pagou a pena. A verdade é que a frase e o debuxo de Beti, da ría coas Cíes ao fondo, leváronme a pensar que o medallón era unha especie de homenaxe a Irimia, e a tanto irimego destes corenta anos, como os que coidadosamente gardaron a xerra da

primeira celebración durante todo este tempo. Pensaría algún deles que iamos estar aquí tantísimos días despois? Berros, encontros, xerras, medallóns... Unha chea de sacramentos!

Coma sempre, non estivemos sós. Cada Romaxe é un encontro de xente amable, querida e solidaria. E non se pode ser solidario sen moverse e conmoerse. Moitos momentos deste día moveron a Romaxe a outros lugares: aos campos de refuxiados no berro seco, á actualidade que nos interpelou na celebración, aos fogares das vítimas de violencia machista, ás comunidades, ás nosas e ás que camiñan connosco... Cando rematou a celebración, fixeramos presentes a tantos e tantas que nese berro ecolóxico que Lucía enviou á terra parecemos moitos e moitas máis.

Tarde relaxada e oración

Xantamos a gusto, xa co sol no alto e sen rastro de chovisca. A verdade é que o sitio se prestou para a charla, ou iso me pareceu cando na sobremesa paseei polos diferentes grupos. Briscas, cafés, rifas, pandeiretas e algún aturuxo mentres ía chegando a hora de que Mini e Mero volvesen cantar. Este ano, Francisco do Romualdo subiu tamén á escena para tocar a zanfona, co seu lazarillo. Móveronnos tanto que acabamos o baile



subidos ao palco, mira se a cousa foi festeira ou non!

E así fomos chegando á oración da tardiña, esta vez a cargo da Escola de Espiritualidade. Estivo moi ben que nos congregasen tan preto, non ter que movernos de alí. Senteime baixo unha árbore a espantar o cansanzo de

Eran máis das seis e media e, despois de que a meirande parte de vós marchádeses, aquí aínda estiramos máis a tarde, porque mentres recollíamos, os cativos todos se resistían a baixar de Beade: o parque, os balóns, máis momentos de charla, as despedidas... Quitamos o derradeiro cartel de si-

Quitamos o derradeiro cartel de sinalización da Romaxe e case me entrou morriña

pés, e a oración sorprendeume cunha invitación a escoitar o meu propio latexar. Había moito tempo que non me detiña a buscar o pulso! A oración foi un debullar agradecido que rematou cun momento de encontro con Xesús: *“felices @s fament@s de pan e de xustiza: Deus halles dar fartura, repleta, ben cumprida”*.

E recollemos, coa vista en Sobrado

nalización da Romaxe e esta vez case me entrou morriña, como á xente que cambia de década nos aniversarios. E mentres botaba por un minuto a vista atrás, caeume o folleto da Romaxe... Ao collelo toquei cos dedos as verbas da Esperanza na celebración: *“A esperanza só se mantén con anacos de pan, con soños de mel, con apostas firmes, con sangue na pel”*... E pensei que todo iso pasou hoxe na Romaxe... Por iso escollín este título para a crónica: tempo de botar a vista adiante!

Eu, a de Sobrado, non a perdo: teño curiosidade por ver como medra a oliveira que levaron no ramo. E apéceme moito tamén volver visitar o mosteiro, que me trae recordos de moita tranquilidade... A ver se podo levar de novo a Lucas e a Dani. E a ver se Paula e Primo levan un amigo máis...

Fotos: Mariña García Caballo



Redacción



Conversamos con Mariluz Corral Uzal, que é conversar cunha aposta viva pola difusión cultural, pola lectura, pola cultura e a lingua do país. As bibliotecas que ela anima en Oleiros son un exemplo de actividade imaxinativa e ilusionada; é iso que agora chaman unha mostra de boas prácticas. Luz é amiga de Irimia desde hai ben anos e é, ademais, activa partícipe da Irmandade Moncho Valcarce, que procura manter viva a memoria do “crego das Encrobas” e das súas causas.

Séntese necesaria unha bibliotecaria nun concello galego coma este, tal e como están os tempos e a presenza total, invasora, das tecnoloxías, das redes sociais, etc.?

Hoxe en día as bibliotecas públicas e, en concreto, as públicas municipais -como é o noso caso- son totalmente necesarias, porque aínda que en Internet hai moita información, é imprescindible sabela seleccionar.

Oleiros é un concello de máis de trinta e cinco mil habitantes e conta con sete bibliotecas públicas municipais: a Biblioteca Central Rialeda, localizada en Perillo, a Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro, en Santa Cruz, a de Dorneda, a de Mera, a de Oleiros, a de Nós e a de Lorbé.

Sete bibliotecas para trinta e cinco mil habitantes, non está nada mal...

Fíxate que todas xuntas son nada menos ca 436 postos de lectura en sala, uns fondos de 151 584 libros, 9 973 audiovisuais, 3 839 discos de música, prensa e revistas, 36 ordenadores con acceso a Internet de uso público e gratuito e en todas hai Wi-Fi. Supón a cousa que hai 22 243 socios/as, é dicir, un 62% da poboación total do concello; e durante o ano 2016 atendéronse a 98 822 usuarios/as.

Hai bibliotecas como as de Santa Cruz e a Central de Perillo, as máis antigas, que levan en funcionamento máis de 30 anos e nas estatísticas comprobamos que anualmente aumentan o número de usuarios/as e de préstamos de fondos bibliográficos.

As bibliotecas de Oleiros están moi ben valoradas. Constanca disto son os premios e distincións que levaron

ao longo do tempo e que neste ano 2017 nos concederon un novo.

Por exemplo, que premios?

Pois acaban de outorgarnos o premio “Fomento de la Lectura a Bibliotecas LIBER 2017”, concedido pola Federación de Gremios de Editores de España. Pero xa anteriormente houbo distincións como o premio de Boas Prácticas no VII Congreso Nacional de Bibliotecas Públicas 2014, cele-

en Internet hai moita información, pero é imprescindible sabela seleccionar e traballar





brado en Badaxoz, pola actividade “Ler para saber”. Fomos seleccionados na campaña “María Moliner” do Ministerio de Cultura en 2016 e anos anteriores e levamos o premio María Moliner 2011 de animación á lectura.

En Galicia gañamos o premio Irmandade do Libro nos anos 2012 e 2009, na modalidade de Fomento da Lectura, concedido pola Federación de Libreiros de Galicia na súa XXI edición, celebrada en Lalín, e na súa XVIII edición, celebrada no Carballiño... E algúns máis.

Que servizo pode prestar unha biblioteca como a vosa? Como se concreta no voso proxecto?

Desde as bibliotecas públicas municipais de Oleiros preténdese facilitar o acceso á información, á formación e ao coñecemento a todas as persoas e difundir os fondos bibliográficos (literarios, científicos, audiovisuais, musicais...) para que todos os habitantes poidan utilizalos. Son bibliotecas útiles para a sociedade á que se dirixen, abertas e participativas, nas que os usuarios e usuarias colaboran activamente, así como puntos de encontro para a cultura, pero tamén para o lecer. Entre algúns dos servizos que ofrecemos pódense destacar: lectura e consulta na sala, préstamo a domicilio de fondos bibliográficos (libros, DVD, discos, revistas...), prés-

tamos colectivos a centros de ensino, información bibliográfica e de referencia, hemeroteca, actividades de promoción da lectura e de extensión cultural, publicacións de guías de lectura, etc.

son bibliotecas útiles para a sociedade á que se dirixen, abertas e participativas

Que tipo de actividade é a que engancha e engaiola as diferentes idades do voso público habitual?

Pois algunhas das actividades de fomento da lectura que levamos a cabo. Por exemplo:

Os *contacontos* e a *hora do conto*, que son actividades coas que pretende-

mos iniciar nos libros os nenos e nenas a partir de 1 ano de idade, fomentar a lectura entre os máis pequenos, que se divirtan escoitando contos, que descubran a diversidade dos libros e o pracer pola lectura.

Realízanse bebecontos para nenas/os de 1 a 4 anos, a hora do conto para idades comprendidas entre os 4 e os 10 anos e outras actividades para nenos/as a partir dos 7 anos e para adolescentes, como por exemplo: obradoiros de ciencia, de arte, de scrapbooking, de maxia, de creación de teatriños de papel, de autoedición, de ilustración, de cómic, etc.

Nas idades en que as nenas e nenos son máis pequenos é fundamental a implicación da familia, que os traian á biblioteca, participen con eles nas actividades e lles lean contos, pero

tamén a do profesorado na concienciación da importancia e o valor da lectura na súa función educativa, ao mesmo tempo que lúdica e prazenteira.

E para os máis mozos?

Pois aí están os *clubs de lectura* e as *tertulias literarias* para mozas/os e



Redacción



adultas/os, que se dirixen a todas as persoas a partir de 16 anos. Hai tres grupos, con 60 prazas en total, e neles sempre temos listas de espera.

Tamén funcionan as *Campañas de promoción da lectura*, que están dirixidas ao alumnado dos centros de ensino público de Oleiros, desde 3 anos a 2º de bacharelato. E os *encontros con autores/as* para dar a coñecer a distintos escritores e escritoras, difundir as súas obras e fomentar a súa lectura.

Facemos tamén obradoiros *de ilustración e de banda deseñada*, para presentar a diferentes ilustradoras e ilustradores e promover a lectura de libros de banda deseñada; ou os *Talleres de creación literaria* para estimular a comunicación literaria.

Non será por variedade de oferta....

Pois hai máis. Temos feito recitais e obradoiros *de poesía* para potenciar o gusto pola poesía e fomentar a súa lectura, así como concertos e diversas actividades musicais que atraen a un numeroso público, tanto infantil como xuvenil e de adultos/as.

Ler para saber, a que levou o premio en Badaxoz, consiste en charlas di-

vulgativas sobre diversos temas científicos para adolescentes.

Tamén hai cousas máis en movemento, como as visitas guiadas ás bibliotecas para dalas a coñecer, promover a súa utilización e o préstamo de libros e os *Roteiros culturais e literarios* que consisten no percorrido por distintos lugares do municipio nos que viviron, residiron ou traballaron diferentes mulleres e homes ilustres. Cada ano dedícase a unhas persoas concretas e

creamos o hábito de ler como algo habitual e o gusto pola lectura

edítase una publicación cos seus principais datos, realizada por alumnado e profesorado de institutos de Oleiros, ese mesmo alumnado é o que despois realiza as explicacións nos roteiros.

Elaboramos unhas *Guías de lectura e recomendacións bibliográficas*, que son relacións e recomendacións de libros por idades, temas ou contidos para difundir a lectura e tamén para suxerir como un bo agasallo. E, como non, organizamos celebracións *de datas conmemorativas*: o Día Mundial da Poesía, o Entroido, Día Interna-

cional da Muller, Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, Día do Libro, Día das Letras Galegas, Día da Biblioteca, o Nadal...

Con programacións estables e a realización continuada de actividades de promoción da lectura, téntase crear o hábito de ler e de visitar a biblioteca como algo habitual, normal e cotián e promover o gusto pola lectura como un medio indispensable de adquirir cultura. Desexamos espertar a sensi-

bilidade que faga descubrir o pracer que pode proporcionar a lectura dun bo libro, ver unha boa película ou escoitar un bo disco e colaborar na construción dunha sociedade máis culta e solidaria.

Pode ser a biblioteca de barrio ou de vila un espazo de restauración e normalización lingüística en Galicia?

Si, pero ela soa non é suficiente, ten que estar apoiada pola sociedade na que está localizada, é fundamental a colaboración do profesorado e, por suposto, das familias.

Pingas de orballo

DARÍO RIVAS, UN LOITADOR

Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero)

Falarei de Darío, fareino para que gardemos memoria dese valor humano, hoxe case perdido. Aquel imprescindible para superarnos, para humanizarnos, para tocar terra e renacer dos soños, aínda dentro daquilo que semella imposible. Hai que romper moldes do individual ou egocéntrico. É o relato dun valor na verdadeira amizade. *Rara avis* aquela sen fisuras, sen dúbidas nin vacilacións, sen intereses, sen soberbia ou prepotencia. No canto está cargada desa humildade, digna de envexa, que non é vitimista nin resignada, sen déficits de honestidade. Fortalecida cunha educación coidada e exquisita. Darío, o amigo do meu pai e, por extensión, amigo da familia, amigo dos amigos, amigo de todos nós e os que nos servimos da memoria aínda insatisfeitos nela.

Viña nos veráns á casa, vestía distinto, seguindo a moda de Bos Aires, onde emigrara xa de neno. Era, xa daquelas, falangeiro e simpático, e movía o nariz e o bigote acompasando enxe-

É ese home necesario que abandeira a loita pola Dignidade

ñas grazas do seu falar “arxentino, no más”. Os ollos sempre pequeniños e agachados detrás do enorme nariz e a carón dun enorme sorriso cativador. Voz fina e certa. Que envexa me daba velos xuntos, aos dous amigos! Non se despedían, quedaban para o café do día seguinte, sabendo que Darío marchaba. Falaban moito, en aberto, coa palabra firme, única, veraz. Tiven a sorte de compartir esa irmandade deles, e teño a sorte de aprender todos os días, da súa paciencia, de escoitalle loitar sen ceder nin dar un paso atrás. É ese home loitador necesario que abandeira a loita pola Dignidade, a de todos, polos dereitos humanos, con honra e Xustiza, a de verdade! Foi el quen desde alá

denunciou os crimes do franquismo e a vergoña do Val dos Caídos. Nada importa que cumpra anos, van 96 e aí está, en pé de iniciativas. Aguillóanos sacando as súas causas, as nosas causas orixinais de competencia. Son aconteceres que os demais non vimos nin vivimos, nin sentimos, nin soubermos. Mais todos sabemos que “a verdade oficial” é mentira e desvirtúa os feitos. A ditadura envelenounos a

memoria e andamos afeitos a crer o que tantas veces nos contaron, resistíndonos á evidencia que Darío repite. Foi un xenocidio e inoculounos efectos de aniquilación, de deshumanización. El sábeo ben, sinalounos co dedo cando fomos testemuñas da primeira exhumación legal despois da masacre, a do seu pai, Severino. En Cortapezas buscabamos debaixo da terra un tesouro, oculto nos baleiros covardes dos que aínda hoxe se agachan herdeiros, sería a evidencia precisa que nos confirmase o pasado feroz. Enormes silencios. Toda a mañá sacando terra, peneirando e salaiando desexos, imaxinando algo que probase a realidade dos feitos, borrados no tempo a golpes de medo, mais

nunca esquecidos nin perdidos dos corazóns latexantes que esixen reparación e Xustiza. Pouco atopamos, mais o pouco que foi, foi suficiente. Choramos emocionados, envoltos no sentimento común de repoñernos desde a crónica do que estaba á vista, por unha vez, nas páxinas nunca escritas da nosa máis triste Historia. As verbas de Darío foron: “a Historia é Nosa, será o Pobo quen a escriba, mentres non haxa historiadores debidos á interpretación veraz e rigorosa dos feitos”. Insiste que aquel monstro fascista está latente nos destinos de miseria que nos evocan estes que nos fan culpables. Nosa é a vitoria, reivindicaremos o amor e a decencia, desde a verdade do sucedido. Debe ser contado para que teñamos dereito a un futuro mellor, a un destino de luz”

Grazas, Darío. Con xente coma ti, triunfaremos sobre a barbarie, e despois da túa denuncia internacional contra o crime, teremos que nos erguer contra a impunidad dos poderosos. Ningún delito quedará sen resolver aínda que os culpables se filtren nos poderes da represión, con tanta manipulación e leis mordaza. Ninguén poderá roubarnos a esperanza e con ela o porvir. Parabéns, Darío, xa sabes onde estamos. Aí estaremos! Saúde e cante o merlo!



Carta díptico breve para Xaquín Campo Freire

(Sempre cristián, sempre galego, sempre “Ganduxando vidas”

Visitador dos presos e, sempre, cos humillados e ofendidos)



I.

Eu non tiven a túa valentía,
pero admírote moito, meu amigo,
de valentía constante, día a día.

O teu fogar cristián foi un abrigo
para ese cristianismo verdadeiro,
que te fixo de Cristo fiel testigo.

Sendo cura, fixécheste enfermeiro,
cunha entrega total cara ós doentes,
xa fosen crentes ou non fosen crentes,
e foi o teu alivio sobranceiro.

e II.

Non puiden asistir á túa homenaxe,
irmán Xaquín, porque non souben nada.
Xamais faría eu tan grave aldraxe.

Teño na miña alma ben gravada
a túa conduta sa e esclarecida
coa xente de atención necesitada.

Eu ben sei que ti apostas a túa vida
contra toda ruindade e inxustiza.
E que sintes na alma a gran ferida

das aldraxes á nosa Nai Galiza,
-no teu peito ancorada e benquerida-,
do caciquismo infame que a escraviza.

Amigos dos obreiros en ti asoma
a conduta do Cristo xusticieiro.
Porque ti es de Deus, non do Diñeiro,
un grande amor no teu vivir agroma.

Os Tilos (4 de agosto de 2017)

Xoán Xosé Fernández Abella



EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobbarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscricions@asociacion-irimia.org
Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas


DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.html>

FEITO EN PAPEL RECICLADO



Boa Nova



Esta para min é a parábola das limitacións persoais. O dono da viña vai chamando ao longo do día a diferentes obreiros. Chámaos non segundo o horario da viña, senón no momento en que cada un deles está disposto para traballar. A lóxica capitalista non é así, claro. Na lóxica do capital temos que estar todos a traballar a primeira hora: cando a oficina abre, cando a fábrica arranca,... "O traballo non espera polos traballadores" dicía meu pai. Son os traballadores para a empresa e non ao revés.

Pero a lóxica de Xesús é ben distinta. Cada un deses traballadores chegou á viña cando o chamaron, cando puido, e fixo todo o que estaba na súa man para sacar adiante a vendima segundo as súas posibilidades. Xesús non conta as limitacións de cada un, pero nós ben podemos supoñelas... porque limitacións temos todos.

E si levamos a historieta a un plano espiritual, ben poderíamos pensar que Deus chama a cada un de nós a traballar na causa do Reino cando o noso corazón está preparado, maduro, nunca antes... E as veces actuamos como os traballadores da primeira hora: xulgamos os demais e non caemos na conta que a dispoñibilidade é un ben escaso, que non depende do moito ou pouco tempo que teñas, senón do maduro que cada un ten o corazón.

Hai quen traballa no Reino unha hora, ou dúas, e hai quen traballa con toda a súa vida. Esta é a xente imprescindible!!

Marisa de Corme

DOMINGO 24 de setembro. XXV do Tempo Ordinario

A PALABRA Mt 20, 1-16

Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos: "Porque o Reino dos Ceos se parece a un propietario que saíu pola mañá cedo a contratar xornaleiros para a súa viña. Axustou con eles o xornal dun denario e mandounos á súa viña. Saíu outra vez á media mañá e atopou outros sen traballo na praza. E díxolles: "Ide vós tamén á miña viña, e dareivos o xusto." Eles foron. De novo saíu polo mediodía, e pola tarde, facendo o mesmo. Mais aínda volveu saír á tardiña, e atopando outros parados na rúa, díxolles: "Mais, que facedes aquí, todo o día sen traballar?" Eles responderon: "É que ninguén nos contratou." El díxolles entón: "Ide vós tamén á miña viña." Anoitecendo xa, díxolle o dono da viña ao administrador: "Chama os xornaleiros e págalles o xornal: empézasme polos últimos e acabas polos primeiros." Chegan os da derradeira hora e dálles un denario a cada un. Cando chegaron os primeiros coidaron que lles darían máis, mais tamén recibiron cadanseu denario. Ao recibilo, murmuraban contra o propietario: "Eses, os derradeiros, traballaron unha hora só e trátalos igual ca nós, que aturamos o peso e a caloraza do día." Mais el replicoulle a un deles: "Amigo, non che fago ningunha inxustiza. Non axustamos un denario? Pois colle o teu, e vaite. E logo, se quero darlle ao último igual ca a ti, non teño dereito a facer o que quero co que é meu? Ou é que ti ves con mal ollo que eu sexa bo?" Así, dese mesmo xeito, os últimos serán os primeiros, e os primeiros serán os últimos."

Non sei se vos decatastes pero Xesús é o primeiro pensador da Renda Básica. Está claro neste anaquiño do evanxeo: uns traballan moito, bastante, algo, pouco, pero todos cobran un denario, o soldo mínimo interprofesional digamos, o necesario para vivir naquela época. Porque todos temos dereito a un teito, roupa, comida, sanidade, educación... e non hai traballo remunerado para todos e todas. Porque traballo si que hai, pero sen cobrar: todo o que se fai dentro das casas como limpeza, cociña, coidado de nenos e de enfermos..., e todo o que fan os voluntarios. Imaxínade que un día dixeran: "Isto non o fago, que total non cobro". Pararía o mundo. Entón, que tal se cobramos todas as persoas un "denario", un soldo mínimo que non deixe que ninguén afogue na pobreza e esquecémonos de risgas, esmolas e demais?

Xa sei que algún dirá que é unha utopía, pero hai uns anos tiñamos no noso país sanidade universal e parecíanos do máis normal, cando é algo que non teñen nin nos Estados Unidos.

Olga Álvarez


A PALABRA

A CLAVE

O ECO

Falando da lingua Mirar sen ver...

Lidia e Valentina



Cantas veces miramos e non vemos.... Pero a maioría das veces cando miramos, por exemplo pola fiestra, vemos sempre algo: *vemos* a rúa, os coches, o mar, a montaña, ou o balcón do veciño. *Vemos* xente na praza e *miramos* para ela se non temos nada que facer... Pero, a non ser que sexamos de Vigo ou da súa comarca, non *miramos* continuamente a todo o mundo e a todas partes.

Se alá na Romaxe estiveses e con xente de alí falastes, daríadesvos con-

ta de que os e as oriúndas non diferencian entre *ver* e *mirar*. De feito, case só empregan “mirar”: *Mireite onte pola rúa* é unha frase que pode sorprenden aos de fóra. Se cadra, xa batestes con alguén que vos dixese algunha vez: “Onte non te mirei na oficina” ou “Mireite na facultade pola mañá”, que, así de primeiras e sen saber do tema, se cadra preguntastes: “E por que me habías de mirar?” Ou... “E por que me miraches? Tiña algo raro?” Esta estrañeza prodúcese porque nós diríamos “Vinte onte pola rúa” ou “Non te vin na oficina” “Vinte na facultade”... Ese “vinte” (máis ou menos casualmente) e sen que eu tivese intención de fixarme en ti, non o diferencian de “Mirei para ti e estiven voluntariamente observándote”. Polo tanto, esta xente sempre “mira”, pero case nunca “ve”. E case mellor, porque cando “ven” xorden cousas coma “Ve para min!” que tamén choca un pouco...

En fin, que se o de *ver / mirar* non vos levou a ningún malentendido importante, o resto dos seus trazos dialectais tampouco. Claro que os falantes de galego de Vigo están tan mingua-

dos que, se cadra, pouca oportunidade tiveses de escoitar *nuite, uito, muito* ou *truita*, porque eles empregan o ditongo -ui-, coma en todo o sur da provincia de Pontevedra, na Costa da Morte ou en boa parte da área máis oriental da nosa comunidade. Tamén din “isto” fronte á inmensa maioría do territorio, que empregamos “esto”, aínda que a forma da comarca viguesa sexa a escollida pola norma estándar. As demais formas dialectais son bastante comúns co bloque occidental ao que pertence: plurais das palabras rematadas en -n fanas engadindo -s (*cans, xamóns, pantalóns*); tamén din *irmán, el e ti*, formas todas estas tamén escollidas para o estándar (aínda que na fala poidamos falar sen problemas con irmao, il ou tu). Mesmo usan *colleu* e *partiu* seguindo a forma maioritaria coa que falan en boa parte de Galicia (sur, centro e leste). Vaia que a escusa esa de que “Aquí falamos mal porque non é galego normativo” ou aquilo de “O estándar é inventando” non lles vale moito... O caso é falar en galego, que en Vigo escóitase pouco, tanto dialectal como estándar...

O Fachineiro do referendo

Vaia papeleta!

Non sei se a querida lectora e o querido lector viron a papeleta do referendo de Cataluña. Paga a pena, porque nesas breves liñas é doado adiviñar a sensibilidade que alí existe cara o asunto lingüístico e tamén é imposible non establecer comparación coa ausencia desa mesma sensibilidade que temos por aquí. Á parte do catalán e o castelán, a papeleta contén unha terceira lingua: o aranés. E de quen vén sendo? Pois é unha lingua románica, coma a nosa, que do outro lado dos Pireneos se chama occitano. Pero en territorio francés néganlle a oficialidade que si lle recoñece o pobo catalán no seu *Estatut* (e ademais

REFERENDUM D'AUTODETERMINACIÓ 2017 REFERENDUM D'AUTODETERMINACION 2017	
Voi que Catalunya esdevingui una República independent? Votez que Catalonha vengue ua republica independenta?	
<input type="checkbox"/> Sí/òc	<input type="checkbox"/> NO/Non

de oficial é de uso preferente no Val de Arán). Así van poder optar entre *oc* e *non*. O *oc* é o xeito de dicir si desta lingua do sur de Francia, a *langue d'oc*, fronte á do norte a *langue d'oïl*, de onde procede o *oui* francés actual. E mentres en Cataluña se comportan con esa estima polo propio aquí Fei-

joo entrevista en castelán na TVG á ao centenario Albor, que presume de “la televisión gallega”. E a Conselleira Mato participa nunha xura de bandeira (española) porque “es un honor defender la unidad de España”. En verdade vos digo que, se o día 2 conseguen a independencia, este fachineiro solicita a nacionalidade catalá.